



PRISIÓN



!?!

SILENCIO



*inseguidades*



KARMA



*respeto  
igualdad  
tolerancia*

EMPATÍA



Cando falamos de discursos de odio, estamos a facelo de todas as formas de expresión que propagan, incitan, promoven ou xustifican o odio cara persoas ou colectivos, por mor da súa orixe, relixión, xénero, orientación sexual ou por outras características o condicións persoais percibidas como “diferentes” (Adela Cortina, 2017).

Mediante o deseño da seguinte cartografía social, tratei de plasmar o impacto que ditos discursos de odio teñen en min tanto a nivel mental, como físico, emocional e relacional.

Comezando por unha explicación máis xeral, podemos observar gran variedade de debuxos e cores que representan de forma un pouco abstracta conceptos como a exclusión, as inxustizas, o silencio e a prisión da propia mente, as inseguridades causadas polo odio das redes sociais e incluso os propios discursos de odio, que se ilustran a través da pancarta dunha cara botando lume pola boca, como símil das palabras viperinas que saen de dentro daqueles que difunden estes discursos.

Comezando pola dimensión mental, existe unha loita dentro da miña cabeza, un revoltiño de pensamentos impulsado polo desexo de intervir, pero freado pola presión social e a sensación de xuízo que sinto ao tratar de defender ás persoas receptoras dese odio gratuito. Motivo polo cal debuxei un remuíño e unha gaiola sobre a miña cabeza, así como unha cremalleira sobre a miña boca, xa que moitas veces síntome presa das miñas propias ideas ao non poder falar e amosar a miña opinión libremente.

Isto vai da man das pezas de quebracabezas e os engrenaxes que tamén se atopan debuxados, xa que en ocasións, tanto a nivel emocional como relacional, este silencio pode atribuírse ao medo de non encaixar na sociedade, xa sexa co teu grupo de amigos, coa tu familia, na escola,... Ao medo á soidade por non corroborar o que se di, por non seguir á corrente. Unha corrente cargada de odio que acaba por somerxerte e arrastrarte con ela, tal e como se ilustra no debuxo da parte inferior da folla. Ademais, na figura do corpo representada, o corazón atópase no centro dunha diana, reflexando que todo o que escoitamos xa sexa acerca dos demais ou de nós mesmos, por moi “inofensivo” que pareza, golpea directamente no órgano principal do noso corpo, deixando secuelas en todas as dimensións.

En canto a dimensión física, creo que onde máis reflexados se ven os discursos de odio son nas inseguridades que se crean no propio corpo, xa sexa a partir de comentarios do entorno ou das redes sociais, as cales son unha fonte emerxente de odio baseado na intolerancia a aquilo que non se atopa dentro do normativo; incitando constantemente á necesidade de acomodarse sempre aos canons de beleza e a alcanzar o que é considerado como a “perfección”, para outra vez máis, poder encaixar, para evitar o

sentimento de inferioridade fronte aos demais; provocando comparacións có resto de iguais.

Todo isto acaba desembocando en novos complexos e inseguridades que, a súa vez, poden agravarse chegando incluso á aparición de trastornos e enfermidades, o que se quere reflexar a través do debuxo do espello feito cachizas e a través da figura da persoa baixo a tormenta, ca cal se quere representar o peso que teñen os discursos de odio sobre a persoa que os recibe, fiando esa choiva ca marea que afoga a propia persoa ao intentar pedir axuda.

Por último, creo que é importante destacar, tal e como recollín na cartografía, a palabra “karma”, en canto que se trata dunha enerxía que o envolve todo e que fai que as accións que se realizan teñan un mesmo retorno cara a persoa que as fixo. Con isto quero dicir que, ao final, a cada persoa lle chega todo o mal que provocou, polo que creo que é convinte que cada quen reflexione acerca da súa participación e implicación nestes discursos de odio, podendo ser tanto emisor coma receptor e podendo polo tanto ocasionar danos a terceiras persoas tanto directa como indirectamente. Mediante a autoreflexión estaremos un paso máis cerca da liberdade de expresión, a cal se quere representar a través do debuxo dos paxaros.

Por todo isto, penso que é necesario desenvolver unha maior conciencia social e traballar na erradicación dos prexuízos, xa que ao final, a diversidade multicultural enriquecéonos como sociedade. É importante que comecemos a ser conscientes de que as cousas verdadeiramente importantes na vida non se distinguen nin pola idade, nin a raza, o estrato social ou o estatus económico dunha persoa. Somos seres sociais, e como tal, as diferenzas cos outros nótrennos individualmente; somos pequenos anacos de diversos lugares, de conversas e de persoas; todos e todas contamos con algo que nos diferencia do resto e non por este feito merecemos que se fagan discursos de odio sobre os trazos que fan que non sexamos idénticos aos demais.

Por estas razóns é mester que actuemos, comecemos a educarnos e a crecer na igualdade, no respecto e na tolerancia, pero sobre todo na empatía, xa que será a barca que nos salve de afogarnos con tanto odio.